



O ollo na rúa, sinais de identidade

Horario

16:00 a 21:00 h

Este taller é unha coprodución do CGAC e a DAG (Asociación Galega de Diseñadores) no marco de *Proxecto-Edición*.

Dirección: Enrique Longinotti e Hernán Ordóñez
Coordinación CGAC: Virginia Villar
Coordinación DAG: Fabián Ben

Hai moito tempo que os emblemas da baixa cultura ingresaron nas salas dos museos, e se amorearon como escurroiros de botellas ou caixas de xabón en po, disputándolles espazos e opinións aos artefactos tradicionais da arte.

Este taller experimental consiste nunha procura que é á vez mirada casual, descrición, taxonomía e tamén un intento formal de experimentar a reciclaxe como método para o deseño dun repertorio de signos tipográficos. A cidade, a gran cidade –complexa, inxusta, gratificante– é a base de datos. A través dela, un enxame de escrutadores á caza de letras. O ollo na rúa. Ollo intencionado, ávido de encontros, que destila instintos visuais en cada toma fotográfica, que leva a cabo o postulado *picassiano* do “eu non busco, encontro”. Dinámica do achado, do inesperado.

Un ollo recolector de signos, un organizador para a tribo, a tribo tipográfica.

Chapa e neons, aerosol e pedra incisa. Díurnas e nocturnas. Diferentes materiais e soportes reescriben o alfabeto, fan dos signos cousas. A mirada fotográfica capta e distorsiona, garda trazos e esquece outros. Apropiación a través da imaxe, que se converte en orixe visual dun novo signo. Proceso, de deseño, inverso, indutivo, no que as leis se elaboran a partir dos feitos. Clasificar, comparar, atopar compatibilidades. Experimentar nunha contorna propia, a cidade. Cada alumno tenta a súa tribo. Cada tribo é un relato de intuicións crecentes, de probas e erros. Tamén de acertos e distraccións.

Signos e imaxes, que tamén son signos. Intervención. Diálogo ideográfico entre a fotografía e o deseño, entre a mirada urbana e a fala urbana. Un texto feito de voces persoais, de citas de autores favoritos, de ollos atentos ao detalle e doutros fascinados polos grandes relatos. Un banco de probas para testar fontes experimentais, para permitirse escribir segundo canons privados, cada autor exhibindo o seu idioma local feito de retrincos do todo. A era dixital devólvenos, paradoxalmente, a posibilidade –o pracer– de cuñar os nosos códigos de escritura propios, reconvertendo o motor da galaxia Gutenberg, a tipografía, nun medio de comunicación e expresión individual, como os trazos inimitables de cada man, como o ton dunha voz. Bitácora dunha viaxe urbana á procura de novas especies do tipográfico, invitación a unha mirada non obvia, tropezando cunha cuadrilla de signos que traballan, sorprendidos no seu milenario oficio: escribir as palabras da humanidade.

Enrique Longinotti e Hernán Ordóñez

O ollo na rúa, sinais de identidade

Taller experimental sobre tipografía e comunicación

25/28 febreiro 2009





CGAC

SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS

Rúa Ramón del Valle Inclán s/n,

15704 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602 / Fax: 981 546 605

cgac.educacion@xunta.es

www.cgac.org



DAG

Asociación Galega de Deseñadores

proxección
proxección

Enrique Longinotti é arquitecto e profesor titular de Tipografía e Morfoloxía na Universidade Nacional de Bos Aires (FADU-UBA). Dirixiu a carreira de Deseño Gráfico e actualmente encárgase da dirección da especialidade en Teoría do Deseño Comunicacional na Facultade de Arquitectura, Deseño e Urbanismo da FADU-UBA.

Hernán Ordóñez é deseñador gráfico. Exerce como profesor de Tipografía na FADU-UBA e de Deseño Gráfico na Escola Superior de Creativos Publicitarios de Bos Aires. Asímesmo imparte clases de Tipografía e Teoría do Deseño no Centro de Artes Plásticas e Deseño Kunsthal de Irún. Foi galardoado co primeiro premio Signes, cunha mención Laus (2005) e co Premio ao Centro Educativo Habitácola ADI-FAD de Barcelona (2007). Desde o centro Kunsthal, codirixe o desenvolvemento das novas aplicacións da identidade corporativa do Museo Guggenheim de Bilbao polo seu décimo aniversario.

Destinatarios

O taller está dirixido a estudantes, artistas, docentes e profesionais do deseño e a comunicación visual, e a todas aquelas persoas interesadas no tema.

Número de participantes: 20

Inscrición

As solicitudes pódense presentar ata o 23 de febreiro por fax, correo electrónico, a través da nosa páxina *web* ou ben na recepción do CGAC. As persoas interesadas deberán indicar o seu nome, número de teléfono, ámbito profesional ou formación, e enderezo postal e electrónico.

Matrícula: 20 €

Membros da Asociación de Amigos do CGAC e do DAG: 12 €

Para formalizar a matrícula, o primeiro día da actividade entregaremos unha folla de pagamento coa que os participantes poderán realizar o ingreso correspondente nas entidades bancarias indicadas.

Os solicitantes deberán presentar unha copia da folla de pagamento e fotocopia do DNI.

Entregarase certificado de asistencia.